

INTRODUCCIÓN

O papel do equipo de dinamización da lingua ten como obxectivo potenciar e fomentar o uso da nosa lingua na vida do centro a través das diferentes actividades no mesmo e participando de forma activa no desenvolvemento do proxecto documental integral de centro.

REFERENCIAS LEXISLATIVAS

- Lei 3/1983 do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
- Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio
- Decreto 124/2007 do 28 de xuño polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema universitario.

XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.

O CEIP Plurilingüe de Pedrouzos é o único centro de Educación Infantil e Primaria do concello de Brión.

Este concello conta con algo máis de 8000 habitantes, número que se vai ampliando, debido á proximidade con Santiago e ás boas vías de comunicación tanto coa capital de Galicia como coa comarca de Noia e Outes.

O colexio está situado nun lugar céntrico e rodeado polos principais servizos do concello nas áreas de cultura, educación, seguridade e sanidade. O Centro, é de dobre liña en Infantil e liña tres ou catro en toda a Ed. Primaria. Estas últimas ampliadas/desdobradas debido á situación sanitaria que vivimos. O centro conta con **462** alumnos/as durante este curso académico 2025-2026 e **40** mestres/as e dúas ATEs.

Despois da análise da realidade sociolingüística do alumnado do centro podemos concluír que o emprego da lingua galega é variable segundo a zona e a poboación donde viven e da súa procedencia. Nos cursos pasados, o uso do castelán na poboación escolar é superior ao 50%. A xente que vive no rural e que soe ser nativa do Concello é maioritariamente galegofalante, pola contra, a poboación que veu a vivir ao concello a finais dos 90 e nos primeiros anos do 2000 co auxe da burbulla inmobiliaria, viven predominantemente nas urbanizacións e empregan ben o castelán-galego ou só castelán.

No tocante á ambientalidade lingüística do centro, a presenza da lingua galega é plena nos seguintes aspectos:

- Na documentación, rotulado, notas informativas.

- Nas comunicacións co resto da contorna (escolas adscritas, concello,...)
- Nas actividades complementarias realizadas polos docentes.

É moderado en:

- Entrevistas coas familias;
- No emprego de recursos educativos TICS na aula debido a o reducido número de recursos na nosa lingua.

SITUACIÓN DO PROFESORADO

No presente curso, observamos un maior uso do galego como lingua habitual. Sinalar que o profesorado do centro conta coa formación suficiente para o emprego da lingua galega.

- Nas reunións a lingua predominante é o galego.
- A comunicación oral coas familias é en galego.
- As actividades de centro son realizadas plenamente en galego.

SITUACIÓN DO ALUMNADO

A última enquisa ás familias sobre a realidade sociolingüística reflicte os seguintes datos:

- A lingua utilizada por un 35% do noso alumnado é o galego, un 33% aprenderon a falar en galego xa de pequenos, que se corresponde, nunha gran maioría cos que viven no rural e a terceira parte restante considera que se comunica en ambas.
- Arredor do 50% dos proxenitores falan entre si só galego ou máis galego ca castelán e na mesma porcentaxe utilizan o galego cos seus fillos/as, resultando curioso que a porcentaxe entre as nais é lixeiramente menor.
- En canto aos avós ou outros membros da unidade familiar, case un 72% falan entre si, só en galego ou máis galego que castelán.

OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL

OBXECTIVO XERAL:		• Garantir a competencia lingüística en galego e aumentar a fluidez verbal no seu uso.
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:	REFERIDOS AO PROFESORADO	• Promover o uso do galego na relación entre o profesorado: nas reunións tanto formais como informais, nas actividades extraescolares, cos nenos/as, tempo non lectivo,... • Promover o uso galego nos encontros coas familias, tanto individual como colectivamente. • Animar ao profesorado para que trate de

		descubrir e eliminar no alumno/a calquera tipo de prexuízo lingüístico. • Informar a todo o profesorado das reunións do EDLG e en todo relativo á nosa lingua. • Facilitar ao profesorado o material e a información que este demande. • Sensibilizar ao profesorado en temas e opinións de sociolingüística.
	REFERIDOS AO ALUMNADO	• Fomentar o uso do galego do alumnado en todo tipo de actividades . • Fomentar que ó alumnado use o galego na súa vida cotía a nivel oral e escrito. • Propiciar e facilitar a lectura de libros de galego (nas aulas, na biblioteca do centro, préstamos a domicilio...) • Esixir aos alumnos/as que nas áreas preceptivas en galego, empreguen a lingua tanto por escrito como oralmente. • Crear no alumno/a actitudes positivas cara a propia lingua. • Fomentar nos alumnos /as a lealdade lingüística como forma de conservar a lingua propia. • Poñer aos alumnos/as en situación de usar o galego, en coloquios, charlas, dramatizacións, relatos escritos, participación en concursos....
	REFERIDOS AO CENTRO (AMBITO ADMINISTRATIVO)	• Redactar en galego todas as actuacións administrativas (Plan Xeral, Memorias, Actas de reunións do Claustro, Consello, Equipos, Programacións, fichas, informes, boletíns, correspondencia oficial e non oficial, agás nos casos que a lei prevé). • Redactar en galego anuncios, avisos, letreiros e taboleiros, paredes, escritos e notas ás familias.

TEMPORALIZACIÓN E ACTIVIDADES.

O equipo de dinamización reunirase mensualmente o 2º luns de cada mes para o deseño, planificación seguimento e avaliación das actividades relacionadas con este plan.

O plan de dinamización lingüística terá este curso como eixe central os xogos de mesa.

Dentro das actividades podemos diferenciar:

ACTIVIDADES CONMEMORATIVAS: Magosto, Día de Rosalía, Día da Muller, Día do libro, Día das Letras galegas.

ACTIVIDADES PROXECTO DINAMIZACIÓN: “Se xogas, xogo...”.

Os obxectivos deste proxecto son;

- Potenciar o xogo entre o alumnado
- Potenciar o xogo como elemento de diversión e inclusión entre o alumnado
- Fomentar a lingua galega como elemento básico de comunicación
- Empregar a linguaxe oral e escrita en galego (texto instructivo)

Fases do proxecto:

1. Investigación: Coñecemos os nosos xogos de mesa
2. Creación dun xogo por aula
3. Compartir os nosos xogos

ACTIVIDADES/FONDO DE RECURSOS:

- Creación dun banco de recursos interactivos na aula virtual do centro para traballar a lingua.
- Creación dun banco de recursos audiovisuais na aula virtual do centro para traballar a lingua.
- Creación na aula virtual do centro dun recuncho para a presentación dos traballos realizados anteriormente.

RECURSOS DO CENTRO.

Contaremos con recursos variados:

- Espaciais: Todas as instalacións do centro (titorías, ximnasio, aula psicomotricidade, patios,...).
- Materiais: impresos e dixitais (encerados dixitais, ordenadores, cámaras de fotos e vídeo,...).
- Persoais : o profesorado do centro e concretamente o equipo de dinamización lingüística.

COLABORACIÓN CO CONTORNO.

A colaboración coas familias e con outras entidades como o Concello de Brión, a escola de música, a biblioteca municipal,... Tamén está presente na realización de determinadas actividades.



Unha forma de levar a cabo esta comunicación coa contorna será a través da implicación das familias nas tarefas de investigación así como o mantemento da páxina web para ver, coñecer e implicarse no avance no proxecto.

Brión, outubro de 2025

Vº e prace da Directora do centro

A coordinadora

María Gómez Paz

Mónica Viqueira Antelo